

Curso académico: 2025/26

201912 - Ambientación Sonora e Musical

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 201912

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Obrigatoria

Curso: 3

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Segundo cuatrimestre

Idiomas:

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: Javier Martín Odriozola Chéné

Profesorado: Javier Martín Odriozola Chéné

1. Descrición xeral

Ambientación Sonora e Musical constitúe unha materia de interese para a formación d@s futur@s titulad@s en Comunicación Audiovisual debido á relevancia que adquire o son tanto no audiovisual convencional como no eido dixital e multimedia.

Esta materia pretende dotar ao alumnado dos coñecementos precisos para analizar os compoñentes do son e as súas posibilidades expresivas; para manexar os códigos sonoros e da música no audiovisual e -máis concretamente- nos diversos xéneros e formatos, así como para abordar o deseño sonoro dunha peza audiovisual.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Competencias (titulación RD 1393/2007)

- **[A01]** Comunicar mensaxes audiovisuais.
- **[A02]** Crear produtos audiovisuais.
- **[A07]** Coñecer as técnicas de creación e produción audiovisual.
- **[A12]** Coñecer os principais códigos da mensaxe audiovisual.
- **[B08]** Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
- **[B09]** Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
- **[C02]** Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

- **[C03]** Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
- **[C04]** Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

2.1. Resultados de aprendizaxe (titulacións RD 1393/2007)

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comunicar mensaxes audiovisuais	A1 A2 A7 A12		C3 C4
Crear produtos sonoros	A1 A2 A7 A12	B8	
Investigar e analizar o componente sonoro da comunicación audiovisual	A1		
Coñecer os principais códigos sonoros da mensaxe audiovisual	A12		
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.		B8 B9	C2
Traballar de forma colaborativa.		B2 B4 B9	C2
Mellorar a capacidade de análise no que se refire aos diferentes compoñentes da linguaxe sonora	A7 A12	B8	C2
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión.	A2		C2

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	1. O son audiovisual: 1.1. As sonoesferas 1.2. O son audiovisual 1.3. Do son ao sentido 1.4. O deseño de son 1.5. Os profesionais do son			
Tema	2. O escenario acústico: 2.1. As paisaxes sonoras 2.2. O espazo sonoro 2.3. Os planos sonoros			
Tema	3. A audiovisión: 3.1. Audiovisión e síncrexis 3.2. O sistema de sons 3.3. Clasificación de sons 3.4. Focalización e procesado de sons (auricularización)			
Tema	4. A voz:			

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
	4.1. A voz e o seu emisor 4.2. Tipoloxías de voz 4.3. A voces incorpóreas 4.4. A dobraxe			
Tema	5. Os efectos de son: 5.1. Son e imaxe, matrimonio forzado 5.2. Funcións dos efectos de son 5.3. Tipoloxía de efectos de son 5.4. Estratexias de montaxe, edición e mestura			
Tema	6. A música: 6.1. Conceptos musicais básicos e a súa relación con convencións audiovisuais 6.2. A música no relato audiovisual 6.3. Compoñentes estruturais e expresivos do discurso musical 6.4. Tipoloxía de música audiovisual 6.5. Funcións da música no relato audiovisual			
Tema	7. O silencio: 7.1. Tipoloxías de silencio 7.2. Funcións do silencio			

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Atención personalizada [MAG00]	O desenvolvemento de cada unha destas actividades contará con atención personalizada e continuada tanto na aula como fóra dela, co obxecto de apoiar ou reconducir a planificación ou execución de cada un destes traballos e liquidar as dúbidas oportunas. No caso dos traballos tutelados que detentan unha maior carga de traballo autónomo, o seguimento destas actividades efectuarase nas clases prácticas sinaladas para tal fin, así como en titorías personalizadas a demanda do/a estudante o do seu equipo de traballo.	3,00	0,00	0,00	
Estudo de casos [MAG08]	Análise dun produto sonoro seguindo un enfoque relacionado cos contidos da materia. Devandita análise entregárase en formato audio (locución e fragmentos sonoros) seguindo as normas previamente sinaladas pola docente. Ademais de avaliar a análise, terase en conta a calidade da gravación e edición de son. A presenza dun fragmento, superior a unha frase, copiado supoñerá a anulación do traballo de investigación e, por tanto, un cero.	2,00	0,00	6,00	A01, A07, A12, B08, B09, C02.
Obradoiro [MAG16]	Desenvolvemento de diferentes actividades de carácter práctico cuxo obxecto é poñer en xogo	22,00	0,00	4,00	A01, A02, A12, C02.

Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
	todos aqueles coñecementos que, sobre a ambientación sonora e musical, foron tratados durante as clases expositivas; ademais de avanzar no desenvolvemento dos traballos tutelados. A entrega de @dicha prácticas efectuarase no tempo e na forma fixados pola docente.				
Presentación oral [MAG22]	Presentación oral do "Proxecto final" (creación de deseño sonoro). Nesta presentación, cada grupo deberá explicar o seu deseño sonoro, especialmente no que respecta ás decisións estéticas, e responder as preguntas dos/as compañeiros/as.	2,00	0,00	2,00	A07, A12, C02.
Proba de resposta breve [MAG29]	Esta proba teórica versará sobre os contidos do libro "Sonidos que cuentan. La ambientación sonora en el audiovisual. Barcelona: UOC", ademais doutros contidos que fosen vistos nas clases expositivas.	1,00	0,00	38,00	A01, A02, A07, A12, B09.
Sesión maxistral [MAG39]	Clase expositiva ilustrada con exemplos de carácter sonoro e/o audiovisual. Nas sesións maxistrais realizaranse actividades dirixidas a facilitar a comprensión da materia así como discusións dirixidas, que esixan ao estudantado mostrar a adquisición de conceptos e coñecementos sobre a materia.	26,00	0,00	4,00	A01, A02, A07, A12, B09.
Traballos tutelados [MAG42]	Creación dunha montaxe sonora ou dun relato sonoro (Traballo A). Deseño sonoro íntegro, en grupo, dun proxecto audiovisual (Proxecto Final). En ambos os proxectos de carácter grupal, combinarase o traballo presencial en talleres co traballo autónomo.	4,00	0,00	36,00	A01, A02, A07, A12, B08, B09, C03, C04.
Suma de horas por tipo		60,00	0,00	90,00	
Horas totais				150,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Estudo de casos [SEG08]	Análise sobre un produto sonoro seleccionado polo profesor. Na avaliación terase en conta tanto a calidade da análise e reflexión crítica como a do son. No caso de que se detecte que parte ou a totalidade do traballo está copiado (ata un máximo dunha frase ou corte de audio en todo o arquivo), leste quedará anulado cunha valoración de 0 puntos. Só admitiranse traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requirimentos quedarán anulados cunha valoración de cero puntos.	10,00	A01, A07, A12, B08, B09, C02.
Obradoiro [SEG16]	As prácticas teñen unha valoración total de 1 punto (variando en función do número de prácticas entregadas e calidade das mesmas). Só admitiranse prácticas entregadas en tempo e forma. Práctica que non cumpra eses requirimentos quedará anulada cunha valoración de 0 puntos. A realización da práctica é obrigatoriamente presencial, salvo causa xustificada. Para o cómputo das prácticas de laboratorio, o/a estudante ten que ter	10,00	A01, A02, A12, C02.

Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
	desenvolto o 70% das prácticas da materia (grupo mediano).		
Presentación oral [SEG22]	Para a avaliación das presentacións orais débense cumprir os seguintes requisitos: (1) asistir e participar na presentación e (2) entregar o correspondente traballo/o parte de traballo en tempo e forma. En calquera caso, antes de cada presentación oral, daranse as indicacións oportunas para o seu desenvolvemento-avaliación.	10,00	A07, A12, C02.
Proba de resposta breve [SEG29]	Esta proba teórica versará sobre os contidos teóricos da materia.	30,00	A01, A02, A07, A12, B09.
Traballos tutelados [SEG42]	Conta cunha valoración máxima de 4 puntos distribuídos da seguinte maneira: · ata 1,5 punto pola construción dun relato sonoro, con nota ponderada mediante unha rúbrica de autoavaliación grupal do traballo realizado por cada integrante (traballo A). · ata 2,5 puntos polo deseño sonoro dun proxecto audiovisual, con nota ponderada mediante unha rúbrica de autoavaliación grupal do traballo realizado por cada integrante ("Proxecto final").	40,00	A01, A02, A07, A12, B08, B09, C03, C04.
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

AVALIACIÓN 1ª OPORTUNIDADE

- A nota resultará da ponderación dos traballos prácticos (70%) e do exame final con formato tipo test e/o preguntas de desenvolvemento curto (30%).
- Coa proposta de cada traballo e/o actividade o profesor explicará detalladamente o contido, as normas estéticas e formais, así como o tipo de soporte e data de entrega.
- Para o cómputo das prácticas do "Taller", o/a estudante ten que ter desenvolvido o 70% das prácticas da materia (grupo mediano).

Para superar a materia o/a estudante deberá superar ambas as partes, teórica e práctica, e obter un mínimo de 5 puntos (o 50% da puntuación global) na suma total das avaliacións dos diversos traballos, prácticas e exame. En caso de non superar só una das partes (parte práctica ou exame teórico), manterase a outra parte aprobada para a segunda oportunidade.

O exame teórico versará sobre os contidos desenvolvidos nas sesións maxistras que foron extraídos, principalmente, do libro "Sons que contan. A ambientación sonora no audiovisual. Barcelona: UOC"; sen menoscabo de que poidan incorporarse outros contidos das sesións maxistras.

Estableceranse fórmulas alternativas para a avaliación dos alumnos a tempo parcial con dispensa académica con exención de asistencia.

5.2. Segunda oportunidade

AVALIACIÓN 2ª OPORTUNIDADE

A nota resultará da ponderación de:

- Entrega de forma individual o deseño sonoro íntegro dunha peza audiovisual, proposta polo docente, co correspondente dossier e presentación. Este traballo e a súa presentación, na que se xustifiquen aquelas decisións tomadas en canto ao son, terá un valor de 70% na nota final (60% proxecto + 10% presentación). Para a súa avaliación deberase entregar antes da data oficial de exame, no formato sinalado polo profesor: a peza audiovisual co son íntegro, o dossier, e a presentación gravada.
- Aprobación do exame na data oficial. Esta proba teórica, de preguntas breves, versará sobre os contidos do libro "Sons que contan. A ambientación sonora no audiovisual. Barcelona: UOC"; sen menoscabo de que poidan incorporarse outros contidos das sesións maxistras. Este exame constituirá o 30% da nota final.

O profesor explicará detalladamente o contido, as normas estéticas e formais, así como o tipo de soporte e data de entrega do traballo práctico.

Para superar a materia o/a estudante deberá superar ambas as partes, teórica e práctica, e obter un mínimo de 5 puntos (o 50% da puntuación global) na suma total das avaliacións dos diversos traballos, prácticas e exame. En caso de non superar unha das partes, non se manterá a outra parte aprobada para cursos posteriores.

Nesta segunda oportunidade non se establecen fórmulas alternativas para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa

académica de exención de asistencia.

5.3. Oportunidade adiantada

OPORTUNIDADE ADIANTADA

A nota resultará da ponderación de:

- Entrega de forma individual o deseño sonoro íntegro dunha peza audiovisual, proposta polo docente, co correspondente dossier e presentación. Este traballo e a súa presentación, na que se xustifiquen aquelas decisións tomadas en canto ao son, terá un valor de 70% na nota final (60% proxecto + 10% presentación). Para a súa avaliación deberase entregar antes da data oficial de exame, no formato sinalado polo profesor: a peza audiovisual co son íntegro, o dossier, e a presentación gravada.
- Aprobación do exame na data oficial. Esta proba teórica, de preguntas breves, versará sobre os contidos do libro "Sons que cantan. A ambientación sonora no audiovisual. Barcelona: UOC"; sen menoscabo de que poidan incorporarse outros contidos das sesións maxistras. Este exame constituirá o 30% da nota final.

O profesor explicará detalladamente o contido, as normas estéticas e formais, así como o tipo de soporte e data de entrega do traballo práctico.

Para superar a materia o/a estudante deberá superar ambas as partes, teórica e práctica, e obter un mínimo de 5 puntos (o 50% da puntuación global) na suma total das avaliacións dos diversos traballos, prácticas e exame. En caso de non superar unha das partes, non se manterá a outra parte aprobada para cursos posteriores.

Nesta oportunidade adiantada non se establecen fórmulas alternativas para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica de exención de asistencia.

5.4. Dispensa académica

- O desenvolvemento das prácticas vinculadas a "Taller", "Estudo de caso", "Relato sonoro" e "Proxecto final" non requirirán unha asistencia mínima obrigatoria, podéndose desenvolver as sesións específicas de maneira asíncrona e virtual.
- A presentación final e o exame final non poden acollerse a Dispensa académica.

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Beltrán Moner, Rafael, 1936- (2006). La ambientación musical en radio y televisión: selección, montaje y sonorización. Instituto Oficial de Radio y Televisión RTVE, 3ª ed. Libro. [\[URL\]](#)
- Chion, Michel. (1998). La audiovisión: introducción a un análisis conjunto de la imagen y el sonido. Paidós. Libro. [\[URL\]](#)
- Collins, Karen, 1973- author. (2020). Studying sound : a theory and practice of sound design. The MIT Press. Libro. [\[URL\]](#)
- Franquet, Rosa, 1955- escritora de prólogo; Lopez Villafranca, Paloma, editora (2024). Creación de proyectos sonoros : prácticas y experiencias en la era de la audificación. Comunicación Social. Libro. [\[URL\]](#)
- Jullier, Laurent. (2007). El sonido en el cine: imagen y sonido, un matrimonio de conveniencia : puesta en escena-sonorización : la revolución digital. Paidós. Libro. [\[URL\]](#)
- Piñeiro Otero, Teresa autor (2019). Sonidos que cuentan : la ambientación sonora en el audiovisual. Editorial UOC, Primera edición en lengua castellana. Libro. [\[URL\]](#)

Bibliografía Complementaria

- Altman, Rick. (2004). Silent film sound. Columbia University Press. Libro. [\[URL\]](#)
- Berdasco Gancedo, Yolanda, coord. (2022). Periodismo radiofónico. Centro de Estudios Financieros. Libro. [\[URL\]](#)
- Chion, Michel. (1997). La música en el cine. Paidós. Libro. [\[URL\]](#)
- Chion, Michel., Villarino Rodríguez, Maribel., trad. (2004). La voz en el cine. Cátedra. Libro. [\[URL\]](#)
- Fraile Prieto, Teresa., Badajoz (Provincia). Diputación Provincial, ed. (2010). Musica de cine en España : señas de identidad en la banda sonora contemporánea. Diputacion Departamento de Publicaciones. Libro. [\[URL\]](#)
- Gustems, Josep (2014). Música y sonido en los audiovisuales. Universitat De Barcelona; Universitat de Barcelona. Libro. [\[URL\]](#)
- Roderó Antón, Emma, autor (2024). Ficción sonora: cómo contar una historia con sonidos. RTVE Instituto. Libro. [\[URL\]](#)
- Rodríguez Bravo, Ángel. (1998). La dimensión sonora del lenguaje audiovisual. Paidós. Libro. [\[URL\]](#)
- Ávila Bello, Alejandro. (1997). El doblaje. Cátedra. Libro. [\[URL\]](#)